

## III Xornada Xuvenciencia para profesorado

Mergúllate na investigación!

Fase 1: 5 de novembro 2016

Propomos esta terceira xornada de comunicación e información entre profesorado de ensino secundario e universitario para promover actividades conxuntas dirixidas ao fomento das vocacións científico-técnicas e científico-sociais do alumnado preuniversitario.



### Obxectivos

- Crear vínculos e sinerxías entre os distintos actores da educación preuniversitaria e universitaria implicados na divulgación de coñecementos científico-técnicos e científico-sociais.
- Poñer en contacto o profesorado de ensino secundario coa organización da investigación e con algúns proxectos interdisciplinares que se desenvolven no Campus de Lugo da USC.
- Formar grupos de traballo de profesorado de ensino secundario e universitario para o desenvolvemento de propostas e materiais educativos de carácter experimental e interactivo dirixidos á experimentación nas aulas e á práctica investigadora (“Xuvenciencia na aula”).
- Dar formación a grupos de profesorado de ensino secundario para a utilización na aula dos “kits” de aprendizaxe xa elaborados (“Xuvenciencia na aula”) co fin de iniciar na investigación ao alumnado.



- Data: sábado 5 de novembro de 2016
- Lugar: Biblioteca Intercentros e Laboratorios de investigación do Campus de Lugo da USC
- Duración: 8 horas
- Número de prazas: 35
- Prezo: 10 euros (café e comida incluídos)
- Destinatarios: Profesorado de Ensino Secundario e de Formación Profesional das especialidades de Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía, Tecnoloxía, Debuxo, Lingua e literatura galega, Lingua castelá e literatura, Xeografía e Historia, Filosofía e Antropoloxía.
- Organización: Grupo de Divulgación da Ciencia e da Tecnoloxía Xuvenciencia (USC)
- Dirección: María de la Merced Novo Rodríguez
- Secretaría: María Isabel Quiroga Berdeal, Ana Paula Losada García

#### Información:

[www.usc.es/xuvenciencia/xornadas](http://www.usc.es/xuvenciencia/xornadas)  
[www.usc.es/xuvenciencia/aula/gl/](http://www.usc.es/xuvenciencia/aula/gl/)

## Programa

### Programa xeral:

- 9:30-10:00 Recepción e recollida de documentación. Biblioteca Intercentros (BI).
- 10:00-10:15 Presentación da Xornada. Sala de traballo en grupo da BI.  
**Carmen Silva** (Vicerreitora de Servizos Universitarios do Campus de Lugo), **Francisco Javier López** (Coordinador do programa *A Ponte entre o Ensino Medio e a USC* no Campus de Lugo), **Manuel Lolo** (Director Xerente de AMSlab) e **Mercedes Novo** (coordinadora do grupo Xuvenciencia).
- 10:15-10:45 Presentación das actividades do Grupo de Divulgación da Ciencia e da Tecnoloxía Xuvenciencia.  
**Mercedes Novo**. Sala de traballo en grupo da BI.

### Programa para áreas de Física-Química, Bioloxía-Xeoloxía e Tecnoloxía:

- 10:45-11:30 Charla/coloquio: *A empresa AMSLab - aplicación do coñecemento científico ao servizo da sociedade*.  
**Manuel Lolo**. Sala de traballo en grupo da BI.
- 11:30-12:00 *Descanso e café* (Sala de traballo en grupo da BI).
- 12:00-12:15 Distribución en grupos de traballo segundo o kit elixido e traslado aos laboratorios.
- 12:15-14:00 Presentación e actividades preliminares do kit educativo elixido.  
*Photonics Explorer*, **Wajih Al-Soufi** e **Mercedes Novo** (profesores e investigadores da área de Química Física da USC). Sala de traballo en grupo da BI.  
*Animal CSI*, **Maribel Quiroga**, **Ana Paula Losada** e **Marta López** (profesoras e investigadoras das áreas de Ciencias Clínicas Veterinarias e Medicina e Ciruxía Animal da USC), coa colaboración de **Ana Manuela de Azevedo** (investigadora). Laboratorio de Anatomía Patolóxica da Facultade de Veterinaria.  
*Vitroplant*, **Juan Luis Fernández** (profesor e investigador da área de Producción Vexetal da USC), coa colaboración de **Miguel Martínez** (estudante en Prácticas). Laboratorio de Micropropagación da Escola Politécnica Superior.
- 14:00-15:30 *Xantar (Cafetería da Facultade de Veterinaria)*
- 15:30-19:00 Obradoiros formativos para a realización das actividades propostas en cada un dos kits educativos.  
*Photonics Explorer* (Sala de traballo en grupo da BI).  
*Animal CSI* (Laboratorio de Anatomía Patolóxica da Facultade de Veterinaria).  
*Vitroplant* (Laboratorio de Micropropagación da Escola Politécnica Superior).

### Programa para áreas de Debuxo, Lingua e literatura galega, Lingua castelá e literatura, Xeografía e Historia e Filosofía e Antropoloxía:

- 10:45-11:00 Presentación do programa e distribución en grupos de traballo. Sala de investigadores da BI.
- 11:00-14:00 Presentación/obradoiro *A Arte como ferramenta para a construción da identidade e a inclusión da diversidade*. **Vicente Blanco** (profesor e investigador da área de Didáctica da Expresión Plástica da USC). *Descanso e café*. Sala de investigadores da BI.
- 14:00-15:30 *Xantar (Cafetería da Facultade de Veterinaria)*
- 15:30-19:00 Presentacións/obradoiros. Sala de investigadores da BI.  
*Ferramentas para o ensino de idiomas no século XXI*. **Martazul Busto** (Docente do Centro de Linguas Modernas da USC).  
*O mundo de onte: a memoria como laboratorio para a historia contemporánea*. **Ana Cabana** (profesora e investigadora da área de Historia Contemporánea da USC).  
*Facer Etnografía: radiografías da cultura*. **Elena Freire** (profesora e investigadora da área de Antropoloxía Social da USC).  
*Uso de aplicacións no ensino secundario*. **Marcos Franco** (auxiliar técnico informático da Facultade de Humanidades).

Solicitada a homologación como actividade de formación permanente do profesorado á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e provisionalmente recoñecida como tal (recoñecemento definitivo suxeito ao cumprimento dos requisitos establecidos na Orde do 14 de maio de 2013, DOG 96).



**Kits educativos patrocinados por AMSlab**

